

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE MARZO DE DOUS MIL DOCE: - - - - -**

=====

**PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Catalina González Bea

**CONCELLEIROS/AS:**

- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez
- D. Salvador Durán Bermúdez
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel González Domínguez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D<sup>a</sup> María Deza Martínez
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D<sup>a</sup> Almudena Aguín Fernández
- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cruz Barbeito Barreiro
- D. Francisco Villaverde Otero
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dulcinea Aguín Pombo
- D. José Buezas Méndez
- D<sup>a</sup> Vanesa Rodríguez Maneiro
- D. David Otero Domínguez
- D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

**INTERVENTOR:**

D. José-Juan Vidal Vilanova

**SECRETARIO :**

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de marzo de dous mil doce, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D<sup>a</sup>. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----

## A) PARTE DISPOSITIVA

**1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS DÚAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2012.** Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, indicou que existía un erro na acta da sesión celebrada as dezanove horas e trinta minutos do día 30 de xaneiro, posto que se cambiaron os grupos municipais que votaron a favor e en contra da proposta. O **Sr. Secretario** recoñeceu o erro apuntado, que debería modificarse no senso de que os **votos a favor eran os dos Grupos Municipais de Sanxenxo Agrupación Liberal, Socialista de Sanxenxo e do Bloque Nacionalista Galego** e os **votos en contra dos Grupos Municipais do Partido Popular e do Mixto**, sen sufrir alteración o número dos votos emitidos.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación os borradores das dúas actas coa modificación sinalada anteriormente na correspondente á sesión celebrada ás dezanove horas e trinta minutos.

**As referenciadas actas, coa modificación apuntada, foron aprobadas por unanimidade.**-----

**2º) PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA SOBRE A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM DE SANXENXO.** O **Sr. Secretario** da conta do ditame favorable da Comisión de Urbanismo de 22 de marzo de 2012 sobre esta proposta.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, sinalou que o PXOM é claro e concreto e se ten erros son de pouca transcendencia, o que non é tan claro e a interpretación que se lle da e que dista moito da que fan os xuíces. O interviniente indicoulle á **Sra. Alcadesa** que sabía desta situación facía máis de catro anos e agora se trae por urxencia á comisión, logo de que o seu grupo se enterase do asunto pola prensa e ter que pedir despois a documentación por escrito. Lembrou que en decembro de 2011 se solicitou da Xunta de Galicia a declaración de que non era necesaria a avaliación ambiental e logo da contestación dous meses máis tarde, se actúa con estas formas que lles levan a absterse, aínda que espera que esta modificación sirva para algo.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que se traía unha modificación sen rigor, sen consenso algún e sen que en ningún lugar apareza cuantificada a edificabilidade. A fórmula dos complexos inmobiliarios parece copiada do que se fixo no Grove e co obxecto de dar cabida a unhas edificacións, pero sen incluír as dotacións, dando unha viabilidade total, o que é pouco rigoroso, motivos polos que ían votar en contra da proposta.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**,

sinalou que neste asunto se debían buscar consensos e, en cambio, xa estaba cociñado cando preguntou por este tema en comisión e fíxose así porque se pretenden solucionar unha serie de inseguridades xurídicas xurdidas a raíz dunhas sentenzas, pretendendo facer unha especie de amnistía para dar cobertura ao que xa se viña facendo a través dunha iniciativa empresarial desleal coas normas do concello. En resumo, en vez de que o PXOM sirva para ordenar, o que se persegue é consolidar o que xa está feito, actuación coa que non está de acordo e engadindo que por parte do goberno municipal estanse a depositar demasiadas expectativas nesta modificación.

**O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que era difícil encontrar unha modificación do PXOM que interesara mais aos veciños de Sanxenxo que esta, posto que se están a intentar arranxar os problemas dalgunhas licenzas mal dadas, ademais de que moitos veciños están agora a esperar esta modificación para poder obter licenzas de obras e non só para edificios.

**A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, lembrou que na comisión a Presidenta puxo a disposición dos concelleiros a posibilidade de obter unha copia da modificación, non sabendo se a pediron, pero das intervencións anteriores se demostra que non a leron. Indicou que o PXOM ten moitos erros de gran trascendencia, poñendo varios exemplos ao respecto como a falta de regulación das zonas verdes privadas e precisou que dende o mes de decembro pasaron tres meses e dende esa data remitiuse o expediente á Dirección Xeral de Urbanismo e intentouse consensuar con este organismo o texto da modificación. Respecto dos complexos inmobiliarios esta figura se recolle na modificación da lexislación do solo estatal aprobada no 2008 e o complexo turístico non está nesta modificación. A interviniente engadiu que con esta modificación se pretendía dar solución a unhas inseguridades xurídicas que afectaban aos técnicos da Xerencia á hora de emitir informes e tamén dixo que moitos veciños están a esperar a aprobación para facer unha simple vivenda, tratándose dunha modificación necesaria e beneficiosa para os veciños.

**O Sr. Gonzalo Pita** sinalou que o PXOM xa ten nove anos e estrañouse de que, ata agora, os técnicos municipais non se decataron dos problemas que tiñan para emitir os informes, engadindo que debían telo comunicado e, a continuación, reunirse o goberno coa oposición para tratar de consensuar unha solución.

**A Sra. Aguiñ Pombo** aludiu a que podía entender a posición da Sra. Deza Martínez, por canto esta concelleira acababa de entrar na Corporación, pero non así a da alcaldesa, que xa formaba parte do goberno municipal cando se redactou e aprobou o PXOM, non poidendo actuar agora como se non pasase nada. Resaltou que o que cambiou na Xerencia é o Xerente e a anterior responsable agora está na Dirección Xeral de Urbanismo, que ten que aprobar esta modificación. Proseguiu sinalando que nesta sala había persoas que votaron a favor do PXOM e agora é malo o que entón era bo. Por último indicou que o informe do arquitecto municipal non era de recibo e que o emitido polo Xerente corresponde a persoal de confianza.

**O Sr. Otero Domínguez** manifestou que as intervencións do goberno municipal querían acoutar o momento no que se concedían licenzas con problemas á época do alcalde anterior, cando nesta sesión había persoal que levantou a man para aprobar o PXOM, que

estaban na Xunta de Goberno e que participou en comisións, sen que alí se plantexara nada, existindo por iso responsabilidade. Continuou manifestando que o PXOM non é adecuado ás necesidades dos veciños de Sanxenxo, con grandes bolsas de terreo indefinidas, necesitando unha revisión integral xa que o actual obedece a intereses inmobiliarios, destacando que o PXOM está sobrepasado en tan só nove anos e lembrou que xa se fixeron criterios sobre rasantes, que agora se modifican, en base aos cales se concederon licenzas.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** dixo que esta modificación se fai para evitar males maiores causados por unha mala planificación e sinalou que cando se di que a Xerencia é lenta, hai que ter en conta a dificultade que teñen os técnicos para informar á vista dos textos do PXOM, sendo por iso tamén necesaria esta modificación e outra que nun futuro se porá en marcha.

A **Sra. Deza Martínez** mostrouse de acordo coa revisión do PXOM, pero neste momento é necesaria esta modificación, defendendo a continuación o traballo realizado na Xerencia e rexeitando que esta fora lenta. Finalmente dixo que se está a estudar outra modificación .

A **Sra. Alcaldesa** empezou dicindo que os voceiros da oposición non se molestaron en ler a modificación, xa que os complexos turísticos non están no texto. A interviniente dixo que estaba orgullosa de haber aprobado o PXOM, pero que existían erros que non se podían rectificar, se non que tiñan que ser obxecto de modificacións como esta, precisando que se modifica só o texto, para que a tramitación sexa mais axil e ademais sen variar a edificabilidade. Tamén indicou que non se pretendía axudar a ningún promotor, se non introducir uns criterios que no seu día non se trouxeron ao pleno para aprobar e que deron lugar a estas sentenzas negativas. Por último manifestou que había que revisar o PXOM ao completo, entre outras cousas porque dende a súa aprobación xurdiron seis leis que lle afectaron, entre elas o Plan de Ordenación do Litoral, que da un prazo de tres anos á normativa urbanística para adaptarse a este.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en **contra: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego)**

Votos pola **Abstención: 3 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO:** Prestar **Aprobación Inicial á Modificación Puntual nº 2 do Plan Xeral do Ordenación Municipal do Concello de Sanxenxo**, contida no documento asinado o 14 de marzo de 2012 por D. Rafael Vázquez Abal, D. José Manuel Rey Rial e D. Juan Lorenzo Ramírez.

**SEGUNDO:** Ao abeiro do disposto no *art. 85.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de*

*ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)*, sométase ao expediente completo ao trámite de Información Pública durante un prazo de dous meses, mediante Anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia de Pontevedra.

**TERCEIRO:** simultáneamente, e durante o mesmo tempo que a información pública, déase audiencia aos Concellos limítrofes e solicítense os Informes Sectoriais que resulten pertinentes, consonte ao previsto nos Informes dos técnicos municipais que obran unidos ao expediente, a fin de que sexan emitidos no prazo máximo dun mes, agás que a lexislación sectorial sinala outro prazo.-----

**3º) EXPTE. Nº U-794/06 DO CONCELLO DE SANXENXO. APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS E INFRAESTRUTURAS DA ZONA E69B, EN O REVEL (VILALONGA)-SANXENXO, POR INCORPORACIÓN DE DETERMINACIÓNS URBANÍSTICAS EMENDANDO AS DEFICIENCIAS RELACIONADAS NO INFORME DA SECRETARIA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DE 17 DE DECEMBRO DE 2010, E PARA DAR CUMPRIMENTO ÁS ESIXENCIAS PREVISTAS NOS INFORMES DA DIRECCIÓN XERAL DE SOSTIBILIDADE E PAISAXE, DENDE A PERSPECTIVA DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL DE GALICIA. O Sr. Secretario da conta do ditame favorable da Comisión de Urbanismo de 22 de marzo de 2012 sobre esta proposta.**

**O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal,** sinalou que votarían a favor do Plan Especial que Vilalonga leva tanto tempo esperando, a pesar da súa tardanza.

**A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo,** sinalou que independentemente da pouca axilidade na tramitación, votarían a favor do Plan Especial, lembrando que xa se produxo unha aprobación inicial no ano 2006 e aínda se vai agora a unha aprobación provisional. Por último indicou que este documento é unha necesidade, aínda que logo non exista presuposto para executalo.

**O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego,** sinalou que votarían a favor da terceira aprobación do plan para que non intenten buscar culpables, como cando dende a alcaldía criticouse a actuación do goberno do bipartito no ano 2008 e agora estamos no 2011, co goberno do PP na Xunta e aínda se está coa aprobación provisional, sen que fose posible evitar a tramitación do ISA. Engadiu que o POL partiu á metade a parcela destinada a colexio e que desaparecen as infraestruturas deportivas. Neste momento a oposición non vai facer o mesmo que entón fixo a alcaldesa e vai estar a favor da aprobación, aínda que parece que non será posible urbanizar porque non hai diñeiro. Finalmente calificou a xestión deste asunto como lamentable e aludiu a posibilidade de que acabe esta lexislatura da Xunta e esté sen aprobar o Plan Especial

**O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto,** manifestou que

votaría a favor porque era bo para o concello, non só para a parroquia de Vilalonga, e congratulouse de que nove meses despois da toma de posesión desta Corporación, xa empezaran a saír temas como este.

A **Sra. Aguíñ Pombo** dixo que parecía que tivo que chegar o **Sr. Rodríguez Lorenzo** ao goberno municipal para que os asuntos saían adiante.

A **Sra. Alcaldesa** lembrou que cando entrou a gobernar o PP na Xunta o ISA xa estaba entregado e precisou que agora os representantes autonómicos a recibían. Engadiu que era o regato o que está protexido polo POL e que os cartos son necesarios para executar o proxecto de urbanización, non o Plan Especial, que era o que se estaba a aprobar nesta sesión. Tamén aludiu as trabas que lle puxeron dende o goberno da Xunta anterior e que no seu momento explicou aos veciños, producíndose unha situación inxusta ao esixir o ISA para un Plan Especial de equipamentos e non para unha urbanización que estaba pegada. Finalmente defendeu a axilidade na tramitación municipal, matizando que por ningún trámite estivo o expediente parado mais dun mes no concello.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo :**

**PRIMEIRO:** Prestar **Aprobación Provisional** ao **Plan Especial de Dotacións e Infraestruturas da zona E69B, en O Revel-Sanxenxo**, redactado en xaneiro de 2012 polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Benito Fernández González, por incorporación de determinacións urbanísticas emendando as deficiencias relacionadas no Informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de 17 de decembro de 2010, e para dar cumprimento ás esixencias previstas nos informes da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, dende a perspectiva do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.

**SEGUNDO:** Ao abeiro do disposto no art. 86.1.d) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, remítase o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que, no prazo legalmente establecido, emita o seu preceptivo informe previo á aprobación definitiva.-----

## **B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:**

**4º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DA CORPORACIÓN DA RELACIÓN CERTIFICADA DAS OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO REMITIDAS AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS EN APLICACIÓN DO DISPOSTO NO RD LEI 4/2012, DO 24 DE FEBREIRO, POLO QUE SE DETERMINAN AS OBRIGAS DE INFORMACIÓN E PROCEDIMENTOS NECESARIOS PARA ESTABLECER UN MECANISMO DE FINANCIAMENTO PARA O PAGAMENTO AOS PROVEDORES DAS ENTIDADES LOCAIS.** O **Sr. Secretario** da conta da dilixencia de intervención, de data

16 de marzo de 2012, que a continuación se transcribe literalmente:

“”””Sra. alcaldesa: pongo en su conocimiento que esta Intervención General ha cumplido con la obligación derivada del art. 3 del R.D. Ley 4/2012 de 24 de febrero remitiendo al Ministerio de Economía y Hacienda los ficheros de las obligaciones pendientes de pago que reúnen los requisitos del art. 2 del mencionado Real Decreto Ley.

Todo ello sin perjuicio de que sea potencialmente posible futuras nuevas inclusiones en virtud de la emisión de certificaciones individuales a las que se refirere el art. 4 de la misma norma jurídica.

De acuerdo en lo dispuesto en el art. 3.2 le pongo de manifiesto la obligación de informar al Pleno de la Corporación del cumplimiento de esta obligación y de las correspondientes relaciones certificadas.

Por lo tanto debe ser la Alcaldía-Presidencia la que decida, en el marco de sus competencias, incluir esta dación de cuenta en el orden del día de la sesión plenaria que estime conveniente.

Le pongo de manifiesto que los listados concretos, estarán a su disposición, así como a la de los miembros de la Corporación, en los términos de las normas de funcionamiento y régimen jurídico de la Corporación, en esta Intervención, dado que contienen datos sujetos a especial protección de acuerdo a la Ley Orgánica 15/1999 de 13 de diciembre.””””

A Corporación deuse por enterada.-----

**5º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 30 DE DECEMBRO DE 2011 AO 15 DE MARZO DE 2012 (DE RES. Nº 1604/11 Á Nº 296/12).** A Sra. **Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 30 de decembro de 2011 ao 15 de marzo de 2012, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

## **MOCIÓNS:**

**1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA QUE SE INSTE AO GOBERNO DE ESPAÑA A PRESENTAR NO CONGRESO DOS DEPUTADOS UN PROXECTO DE LEI ALTERNATIVO Á REFORMA LABORAL” (R. DE ENTRADA NÚM. 1725 DO 26 DE MARZO DE 2012).** Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sra. **Aguín Pombo**, deuse lectura á moción que literalmente se transcribe:

“”””**O Grupo Municipal Socialista**, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en

base a seguinte

## EXPOSICIÓN MOTIVOS

As disposicións contidas no Real Decreto-Lei 3/2012, de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, aprobado polo goberno de España van a ter, no caso de que sexan aprobadas polas Cortes Xerais, consecuencias moi negativas sobre os dereitos dos traballadores.

**1. A reforma pretende que o despido sexa a opción máis fácil para que unha empresa mellore a súa competitividade. A reforma traerá mais paro:** nun momento de recesión como o que estamos vivindo unha reforma laboral como esta, solo sirve para facilitar e abaratar o despido, para facilitar mais a destrución de postos de traballo, pero non para incentivar a contratación. Ademais está pensada por un Goberno que carece de unha axenda de reformas para impulsar o crecemento. O Goberno solo ten unha axenda de axuste, de tripla axuste. Axuste presupostario, axuste de rendas de traballo (subida do IRFF) e axuste nos dereitos dos traballadores.

### **2. A reforma supón un retroceso dos dereitos dos traballadores porque:**

- **Xeneraliza o abaratamento do despido a 20 días,** ao vinculala a unha situación habitual no ciclo recesivo da economía, como é a caída durante tres trimestres dos ingresos (independentemente de que os beneficios aumenten).

- **Abre a porta a unha rebaixa xeral dos soldos sen necesidade de acordo.** A reforma laboral reforzará o poder dos empresarios nas relacións de traballo. Terán máis doado modificar as condicións laborais ata o punto de que poderán baixar o soldo aos traballadores sen necesidade de acordo simplemente por razóns de competitividade ou produtividade.

- **Crea un novo contrato con bonificacións que permite o despido libre e gratuíto** durante o primeiro ano. Este contrato desvirtúa complemente o período de probas e pode provocar unha xeneralización de contratos formalmente indefinidos pero que, na practica, non duren mais dun ano ou que conclúan os tres anos cando finalice as bonificacións.

- **Abre o camiño dos despedimentos colectivos no sector público.** Esta reforma afecta a un millón de empregados públicos, porque non só incumbe aos que traballan nas empresas públicas, senón tamén ao persoal laboral contratado directamente polos concellos, as comunidades autónomas ou os propios ministerios.

### **3. A reforma anula a capacidade de negociación dos sindicatos para defender os dereitos dos traballadores.**

Unha gran reforma laboral precisa do pacto dos axentes sociais para ser garantía de éxito. Á que presentou o Goberno facilita a inaplicación do pactado nos convenios ("descolgues"). Establécese un procedemento para saltarse o disposto nos convenios, similar, pero mais doado, que o que se pode usar para o despedimento por causas económicas. Suprime a autorización da autoridade laboral dos expedientes de regulación de emprego (ERE), co que se reduce seriamente a capacidade dos sindicatos á hora de negociar e se asume un risco engadido de xudicialización das relacións laborais.

En definitiva, **a reforma laboral non vai resolver a grave crise que sofre a economía española e non vai rebaixar a alta taxa de paro existente.** O que si vai supoñer é unha degradación das condicións de traballo, un empobrecemento da poboación e un ataque á cohesión social.

A reforma proposta vai derivar en incremento do número de despedimentos e rebaixas nos soldos dos traballadores que afectará moi negativamente ao consumo das familias, deprimirá a demanda interna e en consecuencia producirá diminucións do Produto Interior Bruto que á súa vez supoñerá máis desemprego.

A reforma é ineficaz, dende a perspectiva do emprego, porque favorece o despedimento e con el o



aumento do desemprego. É inxusta, porque os traballadores perden dereitos e porque dá todo o poder aos empresarios sobre os traballadores creando ademais inseguridade nos traballadores.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista **somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN**, para que este adopte os seguintes **ACORDOS**:

1. Pleno Municipal do Concello de Sanxenxo insta ao Goberno de España a presentar no Congreso dos Deputados un proxecto de lei alternativo e pactado cos axentes sociais e as forzas políticas que teña como obxectivo a creación de emprego de calidade e a estabilidade no emprego.

2. O pleno Municipal do Concello de Sanxenxo dará traslado da presente **Moción** ao Presidente do Goberno, á Ministra de Emprego, ao Presidente do Congreso dos Deputados, aos/ás Voceiros dos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados e aos/ás representantes dos axentes sociais. """"

A **Sra. Aguíñ Pombo** xustificou a urxencia en que esta reforma do mercado laboral, á parte de ineficaz, recorta dereitos sociais adquiridos polos traballadores.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que ían a votar en contra da urxencia xa que se trataba dunha moción política e que se debe dar a oportunidade de ver como van as cousas con esta lei, que por certo está en fase de trámite parlamentario e, polo tando, susceptible de emendas alí.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

Votos en contra: **9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto)**

Votos pola **Abstención: 0.**

En consecuencia non resultou aprobada a declaración da urxencia desta moción.-----

**2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA QUE SE SUPRIMAN DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS, PARCIAIS, PERSOAL DE CONFIANZA E SE CREE UN FONDO DE PROTECCIÓN SOCIAL PARA AXUDAR A VECIÑOS/AS QUE PASEN DIFICULTADES ECONÓMICAS.** Polo concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sr. Buezas Méndez, deuse lectura á moción que literalmente se transcribe:

""""O Grupo Municipal Socialista (Psde G-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguíñ Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986)) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

Dende a chegada do PP o goberno de España levou a cabo unha serie de reformas en todos os ámbitos (económico, político e social) que leva consigo o desmantelamento do Estado de



A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **8** (**Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**).

Votos en contra: **9** (**Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto**)

Votos pola **Abstención: 0**.

En consecuencia non resultou aprobada a declaración da urxencia desta moción.-----

**3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO MANIFESTANDO O APOIO ÁS MOBILIZACIÓN E A FOLGA XERAL CONVOCADAS PARA O DÍA 29 DE MARZO (R. DE ENTRADA NÚM. 1761 DO 26 DE MARZO DE 2012).** O Sr. **Otero Domínguez**, voceiro do **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, da lectura á moción que literalmente se transcribe:

“”””David Otero Domínguez, voceiro do grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

**EXPÓN:**

A reforma laboral recentemente aprobada polo Goberno do Estado, a través do Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, constitúe outro chanzo máis na aplicación de políticas regresivas e inxustas socialmente.

A curta estancia do actual Goberno no poder xa nos permite albiscar a asunción plena do programa económico dos grandes poderes económicos e financeiros, e a disposición para levar a termo políticas de axuste económico que atentan contra dereitos e conquistas sociais atinxidas a prol das maiorías sociais.

A regulación laboral agora en vigor socava dereitos dos traballadores e traballadoras, actuando para iso sobre a rebaixas das indemnizacións por despedimento, a ampliación das facultades da empresa para ordenar modificacións discrecionais nas condicións de traballo e a devaluación da negociación laboral. O obxectivo último é a procura dunha maior precariedade e desregulación nas relacións laborais, que conduzan a unha redución real das rendas salariais, que xa viñan sufrindo un retroceso antes e, sobre todo, despois do estoupido da crise fronte ás rendas de capital.

Por outra banda, esta non é a reforma no eido do réxime laboral que se precisa para afrontar unha recuperación económica baseada na creación do emprego estábel e digno, que é a principal aspiración da maioría das persoas no noso país, especialmente dunha parte importante que atravesa graves dificultades económicas. Esta afirmación, non procede das organizacións e persoas contrarias á reforma, senón que mesmo foi emitida polo Goberno e partido impulsores de dita reforma laboral, que recoñeceron a súa nula contribución cara a xeración de emprego, evidenciando dese xeito que a verdadeira xustificación para adoptala é a de satisfacer as arelas de minoritarias elites económicas de reducir dos dereitos laborais a mínimos para mellorar en exclusiva a taxa de beneficios e o reparto de dividendos entre os accionistas das grandes corporacións empresariais.

As organizacións sindicais máis representativas convocaron unha folga xeral para o vindeiro día

29 de marzo, a fin de que os traballadores e traballadoras expresen o seu rexeitamento á reforma laboral, tanto polo contido antisocial concreto que contén, como por representar unha medida máis dentro da política de retallamentos sociais que o actual Goberno do Estado está disposto a emprender.

No noso concello a maioría da poboación é traballadora, polo que se verá directamente afectada pola minoración de dereitos no desempeño do seu labor profesional imposta por esta reforma laboral, o que require un apoio explícito da institución local representativa ás medidas de rexeitamento da mesma.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **acordo**

**Manifestar o apoio ás mobilizacións e á folga xeral convocadas para o 29 de marzo de 2012 polas organizacións sindicais representativas en contra da reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro.**”””””

O **Sr. Otero Dominguez**, xustificou a urxencia polo feito de que sendo a folga o día 29 de marzo non pode tratarse noutro pleno á parte do de hoxe. Engadiu que nesta reforma laboral se actuou sen consenso e se con imposición e precisou que o BNG secundará a folga e non acudirá a ningún acto para o que se lle convoque dende o concello.

A **Sra. Alcaldesa** manifestouse en contra da urxencia engadindo que nestes momentos non encontra motivos para facer esta folga.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

Votos en contra: **9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto)**

Votos pola **Abstención: 0.**

En consecuencia non resultou aprobada a declaración da urxencia desta moción.-----

**4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVO Á COMERCIALIZACIÓN IRREGULAR DE PARTICIPACIÓNS PREFERENTES (R. DE ENTRADA NÚM. 1762 DO 26 DE MARZO DE 2012).** O **Sr. Otero Domínguez**, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, da lectura á moción que literalmente se transcribe:

“””””David Otero Domínguez, voceiro do grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

**EXPÓN:**

Nos últimos meses persoas deste concello están denunciando a comercialización irregular de participacións preferentes por parte das entidades financeiras pola falta de transparencia na súa colocación.



A continuación a **Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou que era triste que exista xente que non se atreva a dicir que sofre este problema e que é necesario unha actuación pública máis activa que a actual, que tan só se concreta na existencia dunhas oficinas de información, engadindo que existe responsabilidade pública por canto os mecanismos de control non funcionaron como debían.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta someteu a moción a votación que foi aprobada por unanimidade, adoptándose o acordo que nela figuraba nos termos antes transcritos.**-----

## **ROGOS:**

**1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 26 DE MARZO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 1750).** Polo **voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Sr. Gonzalo Pita**, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””D. Gonzalo Gonzalo Pita, portavoz de SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, RUEGA:

Que se vuelva a solicitar ante la Dirección Xeral de Infraestructuras las pruebas del asfaltado del tramo de calzada de la curva de los Cotos en la parroquia de Dorrón, solicitando de forma específica que esta prueba se realice el primer día de lluvia después de un período seco.””””

O **Sr. Gonzalo Pita** indicou que se agradecía a sinalización vertical pero reiterou que o problema fundamental é o asfaltado, como o demostra o accidente recente unha vez que chegou a primeira choiva.-----

**2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 26 DE MARZO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 1749).** Polo **voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Sr. Gonzalo Pita**, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””D. Gonzalo Gonzalo Pita, portavoz de SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, RUEGA:

Debido a las especiales condiciones metereológicas de sequía de este año rogamos se tomen medidas para hacer limpiar la maleza al menos en las fincas próximas a viviendas.””””-----

## **PREGUNTAS:**

**1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 26 DE MARZO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 1747).** Polo voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Sr. Gonzalo Pita, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””D. Gonzalo Gonzalo Pita, concejal del Grupo Municipal SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formula, para su contestación en su próximo Pleno Ordinario, la siguiente pregunta:

¿Tienen ustedes algún avance con respecto a la demanda histórica de las nuevas instalaciones del ovidado club de piraguismo de Portonovo?

A Sra. González Domínguez, concelleira do Grupo Municipal do PP, contestou que o tema non está olvidado e están á espera dunha reunión na Dirección Xeral de Costas en Madrid para acadar a ubicación definitiva.-----

**2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 26 DE MARZO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 1746).** Polo voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Sr. Gonzalo Pita, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””D. Gonzalo Gonzalo Pita, concejal del Grupo Municipal SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formula, para su contestación en su próximo Pleno Ordinario, la siguiente pregunta:

¿Cuántas operaciones financieras se materializaron con el convenio del concello-la caixa tanto a particulares, autónomos, emprendedores y PYMES?.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do PP, sinalou que dado que a pregunta foi presentada a última hora da mañá do día de hoxe, non lle foi posible conseguir mais datos que pronto lles fará chegar, non obstante cre que houbo ao redor dunha ducia.-----

**3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 26 DE MARZO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 1748).** Polo voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Sr. Gonzalo Pita, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””D. Gonzalo Gonzalo Pita, concejal del Grupo Municipal SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formula, para su contestación en su próximo Pleno Ordinario, la siguiente pregunta:

¿Tienen ustedes algún plan económico para devolver los casi 4.000.000 de euros a las empresas del SU-13?"""".

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do PP, contestou en senso positivo e aludiu a que o concello tiña suficiente patrimonio do solo para responder destas cargas.-----

**4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 08 DE FEBREIRO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 704).** Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sra. Agúin Pombo, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

""""**CÁNIDOS VALLE MIÑOR, S.L.**

Hoy leíamos en los medios de comunicación el siguiente titular:

“El Seprona ha localizado en el recinto de la perrera de Vincios, en el municipio pontevedrés de Gondomar, cuatro fosas comunes que se han utilizado para enterrar canes abandonados. No ha trascendido el número exacto de cuerpos que se amontonan en cada hoyo, pues el distinto estado de descomposición de los animales dificulta cuantificar la cantidad de ejemplares que hay. Lo que si han podido comprobar fuentes de la investigación es que algunos de los cadáveres de animales fueron enterrados en estas fosas en fechas muy próximas a la inspección de la Guardia Civil.

La actuación del Seprona se ha realizado a raíz de las diligencias abiertas a su vez por la Fiscalía de Medio Ambiente. Pero el equipo de Servicio de Protección de la Naturaleza ya conocía bien las instalaciones. Fuentes de la Guardia Civil confirmaron que los agentes de este grupo realizaron desde el año 2009 varios informes sobre presuntas irregularidades, que, en este caso, se tramitaron por la vía administrativa.

Las mismas fuentes confirmaron que se ha imputado a J.?C.?F.?G., responsable de la empresa **Cánidos Valle Miñor**, como presunto autor de un supuesto delito contra los recursos naturales y el medio ambiente, en relación con la eliminación incontrolada y sin revisión sanitaria de perros muertos, y por muertes de animales y perros abandonados sin que existiera control facultativo.

La Guardia Civil imputa además en este caso a un veterinario, por un supuesto delito de emisión de certificados técnicos sanitarios falsos”.

Pero esta no ha sido la única noticia que ha salido últimamente en los medios de comunicación. El pasado 27 de Enero salía en otro medio de comunicación la siguiente noticia:

“La Concejalía de Medio Ambiente de Gondomar investiga el funcionamiento de la perrera de Vincios, gestionada por la empresa Cánidos Val Miñor, tras recibir más de una veintena de cartas de denuncia sobre el presunto maltrato animal que allí se practica con los canes. Las misivas han llegado al Ayuntamiento en las últimas semanas, a raíz de una campaña iniciada en redes sociales y blogs de internet, en la que pueden verse fotografías presuntamente tomadas en el recinto en el que la compañía guarda los perros abandonados que recoge en toda la comarca miñorana y en los municipios de Redondela, Porriño, Mos y Tomiño”.

“La campaña denuncia la supuesta práctica de sacrificios dolorosos, la pésima alimentación que acaba en casos de inanición, el incumplimiento de normas sanitarias para la salubridad de los canes y la ausencia de labores para favorecer la adopción de animales.”



Tenemos que recordar que el pasado 19 de Diciembre de 2012 la alcaldesa de Sanxenxo, Catalina González firmaba la siguiente resolución:

**“Primeiro:** Adxudicar o **“SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS”** á empresa **CÁNIDOS VALLE MIÑOR, S.L.**, no prezo de **DEZASEIS MIL EUROS (16.000,00 Euros/con IVE) EUROS/IVE ENDADIDO**, con suxeición á oferta económica presentada ante e aos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescripcíons Técnicas que rexen esta contratación.”

Ante todo lo expuesto y teniendo en cuenta que el Concello de Sanxenxo tiene actualmente un contrato en vigor con la empresa Cánidos Valle Miñor el PsdeG-PSOE de Sanxenxo preguntará en el siguiente pleno:

1º ¿Tienen usted conocimiento sobre el tema o es la primera vez que escucha algo referente sobre el supuesto maltrato de animales que supuestamente realiza esta empresa?.

2º De tener conocimiento del supuesto problema; ¿ha encargado una investigación la Concejalía de Medio Ambiente para saber si las afirmaciones son ciertas?.

3º ¿Sabe si la empresa que tenemos contratada dispone de los permisos necesarios para efectuar su labor?.

4º ¿Nos puede decir quién es la persona encargada de comprobar el número de animales que recoge la empresa en nuestro Concello?.

5º ¿Si son ciertas las afirmaciones manifestadas estos días en los medios de comunicación, el Concello de Sanxenxo procederá a la rescisión del contrato con la empresa?''''''''

**O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, a primeira pregunta contestou que hai que ter moito coidado coa palabra suposto e que o seu coñecemento partía do que sinalaron os medios de comunicación. Á segunda pregunta respondeu que a citada empresa tiña o contrato en base a unha documentación presentada e que a actuación definitiva lle corresponderá aos xuíces ou á Xunta. No que respecta á terceira pregunta aludiu a un informe de data 29 de xuño de 2011 da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, que era un acta de comprobación, na que non se daba conta de ningunha das anomalías que se citaron posteriormente. A pregunta cuarta contestou que existía un modelo no que se indicaban os cans que se recollían e as actuacións que se realizaban. Por último, a quinta pregunta respondeu que se procedería a resolución do contrato se se demostraban irregularidades, pero non polo que dixeran os medios de comunicacación, engadindo que se solicitou información ao respecto á Xunta.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que unha cousa é o que faría a nivel individual e outra como alcaldesa do concello e a este respecto explicou que houbo un concurso publico, ao que acudiu esta empresa e o gañou e se a actividade era ilegal, o concello donde está situada debe actuar en consecuencia.-----

**O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, indicou que nos medios de comunicación saíu a noticia de que a nova empresa concesionaria do servizo de recollida de lixo estaba a utilizar unha nave no polígono sen licenza, preguntando a que se debía que saíse nos medios de comunicación esta noticia, cando o goberno tiña outros medios para dirixirse á empresa.

A **Sra. Alcaldesa** contestou que non foi o goberno quen sacou esta noticia, que xa se dirixiron a empresa para notificarlle a situación e precisou que a noticia se filtrou logo de que se preguntase por este tema nun Consello da Xerencia, crendo que saíu dalgún membro do Grupo Socialista ou de alguén próximo a este.

O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, interviu para indicar que el foi quen fixo esa pregunta, pero non chamou a ningún medio de comunicación, intervindo entón a **Sra. Alcaldesa** para desculpase e precisando que talvez fose algún outro grupo ou filtrácese no trámite da Xerencia, en todo caso, a **Sra. Alcaldesa** matizou que era responsable do que dicía, non do que outros comentaban que dicía.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar a **Presidenta** da por rematada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos, de todo o que, eu **Secretario, dou fe:**